

CHÉVERE

NEVER.
NEVER.
NEVER.
NEVER.

A CAIXA NEGRA DO PRESTIGE

NEVER MORE



Novembro 2002. O Prestige, outro vello petroleiro cargado con fuel pesado, lanza un S.O.S. en medio dun forte temporal, a 28 millas de Cabo Fisterra. Durante seis días é remolcado sen un destino certo, verquendo a súa carga ao mar, e ao sétimo día afunde a máis de 3.000m de profundidade. Sucesivas mareas negras chegan á costa galega. Despois do último día do mes, milleiros de persoas que souberon escoitar o mar en medio daquel sobrecollected silencio imposto ás ondas polo chapapote, berran xuntas: Nunca Máis!

Marzo 2020. Nos peores momentos da pandemia de Covid-19 diante da falta de medios, algúns hospitais da costa galega lanzan un chamamento á desesperada por se alguén conserva material do Prestige. Axiña afloran milleiros de traxes, lentes, luvas e máscaras usadas para combater a marea negra. Aínda se gardan. Para cando veña a seguinte. Esta vez non chega por mar. Non mancha. No cheira. Pero os traxes sirven igual, porque o culpable é o mesmo.

Novembro 2022. Imos recoller a memoria da catástrofe do Prestige para tratar de entender que une aquilo con isto. E para desfacer o feitizo que segue rodeando aquela historia, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá da catástrofe, como se non puidésemos habitar outro lugar que non sexa ese.

En escena: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar, Manuel Cortés, Borja Fernández. Dramaturxia e dirección: Xron. Axudantía dirección: Nekane Fernández. Espazo escénico: Carlos Alonso. Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo. Vestiario: Uxía P. Vaello. Iluminación: Fidel Vázquez. Son: Xurxo Pinheiro. Unha co-produción de Chévere co Centro Dramático Nacional.

Duración: 110'

ORIENTA CIONES PEDAGÓ XICAS

ALUMNADO

Esta proposta oriéntase principalmente para alumnado de 3º-4º ESO e 1º-2º bacharelato

TEMAS TRANSVERSAIS

Cambio climático
Globalización
Covid-19
Historia recente de Galicia
Memoria colectiva
Transporte marítimo
Catástrofes ecolóxicas
Movemento sociais
Valores éticos
Lingua galega
Música
Artes Escénicas

COLOQUIO DESPOIS DA FUNCIÓN

Ainda que a obra é longa, a compañía ten dispoñibilidade para realizar un coloquio co alumnado ao rematar a función, con asistencia do elenco e a dirección artística do espectáculo



QUEN É CHÉ VERE

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 35 anos de traballo ao lombo, que soubo manter unha proposta de creación propia e un sólido posicionamiento social, político e cultural. En 2014 Chévere recibiu Premio Nacional de Teatro. É a única compañía galega que ten este recoñecemento.

Usando o humor como filosofía, a risa como expresión eo pensamento crítico como ferramenta, as súas obras confrontan no escenario os debates do presente coa memoria dun pasado recente que nos afecta, documentándoo escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Algunhas das súas obras son: N.E.V.E.R.M.O.R.E. (2021), Curva España (2019), Eroski Paraíso (2016), As Fillas Bravas (2015), Ultranoite no País dos Ananos (2014), Eurozone (2013), a triloxía Citizen (2010-2011), Testosterona (2009), Tentacular (2006), Radio Universo (2003), O Navegante (2001), hero.es (1999), Annus Horribilis (1995), Big Bang (1992), Río Bravo (1990).



GRACIAS

